



## **CIRCULAR 67-2022.**

# **CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB23 INDIVIDUAL E DE COMBINADAS, CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE COMBINADAS ABSOLUTO E CONTROL A.L. FGA.**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1)** A F.G.A. organiza os días 18 e 19 de xuño o Campionato Xunta de Galicia Sub 23 individual e de Combinadas e o Campionato Xunta de Galicia de Probas Combinadas Absoluto nas pistas do CGTD de Pontevedra

**Art.2)** Poderán participar todos os/as atletas que o desexen e teñan licenza pola FGA na tempada 2022.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **20:00 horas do luns 13 de xuño do 2022**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións. No control da FGA existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.

No campionato Sub 23 admitiranse coma mínimo as 16 mellores marcas en carreiras e as 6 en concursos.

No caso de haber prazas libres no Sub 23 poderanse aceptar atletas doutras categorías no programa de Sub 23 fora de concurso, cumprindo as condicións de participación e os criterios do control.

**Participación en combinadas:** A selección dos/as atletas participantes farase entre aqueles/as que teñan unha mellor marca nas probas combinadas, ou que a suma dos puntos das probas individuais que compoñan a súa combinada, sexa máis alta. Debendo enviar un correo a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) antes do luns 13 de xuño as 20:00h indicando de cada atleta os seus rexistros individuais feitos dende o 1 de xaneiro de 2022. Segundo acordo da Asemblea Xeral nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

**Art.4)** Para recibir a medalla conmemorativa do campionato, é de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.5)** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.



**Art.6)** Ao longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida.

**Art.7)** Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, suspenderase a celebración das mesmas e disputarase a seguinte fase á hora prevista.

**Art. 8)** Horario provisional (publicarase o horario definitivo xunto coas inscricións aceptadas)

HORARIO PROVISIONAL SÁBADO 18/06/2022 - XORNADA DE TARDE						
HORA	CARREIRAS	ALTURA	SALTOS HORIZ.	LANZAM.	PÉRTEGA	PESO
16:40	400v Homes	Altura Homes	Lonx. Mulleres	Martelo H-M	H-M	
16:50	400v Mulleres					
17:00	100ml Homes Comb					
17:10	100ml Mulleres*					
17:20	100 ml Homes *					
17:30	400ml Homes		Lonx. Homes Comb			
17:40	400ml Mulleres					
17:50	800m Homes	Altura Mulleres				Peso H-M
18:00	800m Mulleres					
18:10	100 mv Mulleres Comb		Lonxitude Homes			
18:17	100mv Mulleres			Disco H-M		
18:25	110mv Homes					
18:35	3000m Obs. Homes	Altura Mulleres Comb				Peso Homes Comb
18:49	3000m Obs. Mulleres		Triplo Mulleres			
19:05	1500m Homes					
19:12	1500m Mulleres					
19:21	5000 Homes					
19:30		Altura Homes Comb				
19:40	5000 Mulleres					Peso Mulleres Comb
19:57	200 ml Homes*		Triplo Homes			
20:05	200 ml Mulleres*					
20:13	4x 100 Homes			Xavelina H-M		
20:20	4x100 Mulleres					
20:30	200 Mulleres Comb					
20:40	400 Homes Comb					



<b>HORARIO PROVISIONAL DOMINGO 19/06/2022 - XORNADA DE MAÑÁ</b>			
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>	<b>COMB. FEMININA</b>	<b>COMB. MASCULINA</b>
<b>10:00</b>	110 mv Homes Comb		
<b>10:15</b>	110 mv Sub 20-18 Homes		
<b>10:30</b>	100 mv Sub 16 Homes	Lonxitude Mulleres Comb	Disco Homes Comb
<b>10:45</b>	100 mv 0,84 Mulleres		
<b>11:00</b>	100 mv 0,76 Mulleres		
<b>11:15</b>	1000 Homes		Pértega Homes Comb
<b>11:30</b>	1000 mulleres		
<b>11:45</b>	800 Homes		
<b>12:00</b>	800 Mulleres	Xavelina Mulleres Comb	
<b>12:15</b>	600 Homes		
<b>12:30</b>	600 Mulleres		
<b>12:45</b>	1500 Homes		
<b>13:00</b>	1500 Mulleres		Xavelina Homes Comb
<b>13:45</b>	800 Mulleres Comb		
<b>13:50</b>	1500 Homes Comb		

(\*) En caso de haber máis de oito inscritos celebraríanse Final A-B  
Os 5000 marcha programaranse no campionato de Galicia absoluto

O horario das probas combinadas é orientativo podendo ter variacións en función das inscricións.

As cadencias das combinadas comunicaranse una vez publicadas as listaxes definitivas de inscritos.

As cadencias de altura e pértega comunicaranse una vez publicadas as listaxes definitivas de inscritos.

## **CÁMARA DE CHAMADAS**

### **SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS**

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 30min antes da hora oficial da proba

Pértega: 45min antes da hora oficial da proba

\* Entrada en cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial á pista.

\* Os atletas terán a obrigaón de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.9)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.10).-** O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación.

**Art.11).-** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.12).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 8 de xuño de 2022

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**